

Luís Valle: "A poesía é unha das formas privilexiadas de coñecemento e expresión humana"

Luís Valle (Lugo, 1977) presenta *Somos* (Xerais), un traballo no que o poeta abre un novo ciclo na súa escrita. Trátase dun poema extenso de máis de 700 versos que explora unha rítmica alternativa do discurso social, atendendo ao silenciado, ao soño e ao humano desde unha poesía de escoita e cuestionamento do real.

Sergio Casal 9 de febreiro de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/luis-valle/20260209152131246808.html>

—Que pode atopar quen lea *Somos*?

Somos é o comezo dun segundo ciclo da miña escrita poética. Despois de 25 anos fechei o primeiro. Este novo traballo pódese dicir que é unha poesía social pero, dalgún modo, reivindicando a ollada social desde a poesía, que quere dicir que nela se expande o concepto do social. Nel recréase e fálase daqueles aspectos que propiamente teñen sido silenciados ou sinxelamente non se enuncian como tal no día a día.

—Cal é o discurso social que tenta buscar este libro a través das palabras?

En realidade é unha outra historia. É unha rítmica do discurso social. É, dalgún modo, non falar do que é evidente, senón recrear aqueles aspectos que non están presentes no día a día. É tamén un poema do cuestionamento do que é real, do que é a existencia cotiá, do funcionamento como tal da sociedade e do contexto sociohistórico no que vivimos. É todo isto na forma dun poema extenso de máis de 700 versos.

—Onde se inscribe *Somos* dentro da súa ampla traxectoria como poeta?

Somos é un libro que supón a apertura dun novo ciclo de escrita. Eu como poeta o que sempre procurei foi explorar os límites da escrita poética a través de todas as posibilidades formais, neste caso en extensión, que nos dá a poesía. A poesía pode nacer a través de poemas curtos, intermedios ou extensos. Este é un dos meus poemas extensos. Comecei no meu primeiro ciclo de escrita poética co poema curto e rematei 25 anos despois co poema extenso e, neste segundo ciclo, estou abrindo con poema extenso porque precisaba escribir este libro así. Para cada libro hai unha forma idónea, que tamén está condicionada pola túa experiencia persoal e a túa vida cotiá. *Somos*, polo tipo de poema que era, só era posíbel a través do poema extenso. Supón un certo xiro no que é a perspectiva do eu poético. Antes era bastante máis intimista ese eu poético. *Somos* é un xeito de atender o outro, o humano, máis de escoita que de fala propia.

—Que significa para vostede “aprender cordialmente” coa palabra?

Para min a poesía é unhas das formas privilexiadas de coñecemento e expresión humana. A palabra é algo moito máis forte, expansivo e omnisciente do que de forma cotiá somos capaces de articular, e a poesía é o xeito de facelo. Entón, a poesía é sempre unha relación de cordialidade coa palabra a través da pregunta e tamén da interlocución fonda, máis aló do que é unha linguaxe funcional. As palabras din moito máis do que adoitamos pensar. Ao final, a linguaxe pode revelarnos moitos aspectos aos que ordinariamente non chegamos por falta de tempo, atención ou interese.

—Cre que a poesía aínda pode abrir espazos necesarios no presente?

Para min é fundamental. De feito teño un compromiso vital coa poesía desde hai case 30 anos. Un compromiso que está baseado no traballo de indagación diaria. Creo que ten unha utilidade real para a vida. Non unha utilidade práctica, pero si unha utilidade vital para o que é a existencia humana como tal. Un xeito de unir a palabra coa emoción.